



Discurso da presidenta do Parlamento de Galicia Pilar Rojo Noguera, no acto de toma de posesión de Alberto Núñez Feijóo como presidente da Xunta de Galicia

Parlamento de Galicia, 18 de abril de 2009

Vicepresidente tercero del Gobierno y Ministro de Política Territorial,

Presidente en funcións da Xunta de Galicia,

Presidente de la Junta de Castilla y León,

Ex Presidentes da Xunta e do Parlamento de Galicia,

Excmas. e Ilmas. autoridades,

Señoras e señores:

A toma de posesión do Presidente do Goberno de Galicia, elixido por maioría absoluta no noso Parlamento, é unha mostra de normalidade democrática e institucional. Os cidadáns expresaron a súa vontade política nas pasadas eleccións do 1 de marzo, proceso do que saíron os deputados e deputadas que integran esta Cámara de representación. E o Presidente da Xunta, ao ser elixido polo Parlamento, conéctase directamente con esta vontade popular manifestada por sufraxio universal. Esta é a grandeza

duns mecanismos xurídicos e políticos que encarnan o sentido máis diáfano do pluralismo e da participación.

Por tales motivos, este acto formal que hoxe celebramos é tamén unha festa democrática que mira cara a opinión pública e cara a sociedade galega. É certo que a democracia é un proceso continuo, manifestado nunhas pautas de comportamento cultural que deben levarse á práctica a diario. Pero é certo tamén, que nese proceso democrático existen actos que brillan de maneira especial pola súa trascendencia. Un deles é, sen dúbida, a toma de posesión do presidente do executivo trala súa elección polo órgano legislativo. Deste xeito cobra sentido o xogo de equilibrios propio do sistema autonómico deseñado polo artigo 152 da Constitución, e inspirado no modelo parlamentario.

Este esforzo de arquitectura entre órganos busca satisfacer mellor as esixencias sociais. E a sociedade galega no noso caso é o sentido da propia existencia do entramado institucional autonómico, e a que encarna todas as nosas prioridades como políticos e como decisores públicos.

Todo elo cobra maior relevancia nun momento como o actual, onde a crise económica está a afectar profundamente á calidade de vida da xente, e onde os poderes públicos temos que empeñar todo o esforzo de que

somos capaces para superar con eficacia tales problemas. Hoxe, máis que nunca, os cidadáns esíxenos responsabilidade, altura de miras, intelixencia e audacia para facer fronte aos desafíos que temos por diante. E os representantes das institucións democráticas debemos estar na realidade, cerca das persoas, dos seus problemas e inquedanzas, porque esa é a nosa obriga, o noso deber.

Gobernar en distintos niveis, en escala local, autonómica, estatal e europea, debe aplicarse correctamente para que o resultado final sexa positivo para o interese xeral. O rigor técnico, o compromiso e o sentido común axudarán a tal labor. Debemos camiñar por este novo paradigma, que concita unidade e multiplicidade, integración e solidariedade. Galicia logrará dar resposta a esta dinámica territorial dunha España plural, con entusiasmo e dedicación.

Debo e quero felicitar ao auténtico protagonista deste acto, Alberto Núñez Feijoo, presidente electo de Galicia, e desexarlle o maior éxito no exercicio das altas funcións que agora vai comezar a desempeñar. Comparto con él a súa confianza no noso pobo, na súa forza e na súa resistencia diante das adversidades.

E quero manifestarlle que o Presidente da Xunta atopará no Parlamento de Galicia un leal e fiel colaborador para dar

resposta ao contrato que asumiu coa cidadanía: a dedicación, plena; o espírito, intenso; a vontade, permanente. Porque compartimos un mesmo horizonte de servizo ao ben común, de busca do consenso, de achegamento a todos os actores sociais e políticos.

O pluralismo, a transparencia e a participación serán o norte que alimentará a nosa marcha na procura, como di o artigo 1 do noso Estatuto, da defensa da identidade de Galicia e dos seus intereses, e a promoción da solidariedade entre todos cantos viven nesta terra.

Remato, agradecendo a presenza de todos os que hoxe nos acompañan neste acto, e reitero as miñas felicitacións a Alberto Núñez Feijóo, o novo Presidente de Galicia.

Moitas Gracias